

Contido do módulo de Narración oral/Contacontos, impartido por Cris de Caldas e Dani Blanco do 20 de novembro de 2025 ata o 26 de febreiro de 2026

Introdución

O conto, a tradición oral e a narración de historias, posiblemente foi o primeiro que fixo o ser humano ao xuntarse ao redor dun lume, cando apareceu a palabra. Primeiro narrando o que sucedía no día e logo inventando historias do imaxinario. A hipnótica do/da narrador/a que te atrapa porque queres seguir escoitándoo/a.

Todas contamos oralmente nas nosas conversas cotiás. Tamén contamos o que nos sucede, o que vimos e o que nos impresionou. Ou o que nos contaron, o que soñamos e o que imaxinamos. E cando contamos oralmente, a nosa conversa gaña en interese e presenza, e nós gañamos en atractivo e en capacidade para comunicar con eficacia e éxito.

Obxectivos

- Aprender as técnicas da oralidade e a narración oral
- Presencia escénica e voz
- Contar con obxectos e con música
- Traballar coa nosa memoria: xogos, cantos e contos que lembramos da nosa infancia
- Coñecer as orixes da narración oral
- Improvisar e crear contos grupais mediante exercicios de creatividade
- Aprender a seleccionar contos para poder contar
- Mellorar a exposición e narración diante do público
- Afrontar os medos a contar diante da audiencia
- Aprender as principais técnicas creativas para escribir contos
- Coñecer as técnicas da improvisación teatral básicas e usalas na narración oral
- Coñecer as estruturas básicas do conto
- Desenvolver técnicas para contar en público

- Atopar a voz propia que cada un ten como narrador
- Aprender a buscar e seleccionar historias
- Traballar a linguaxe corporal escénica
- Coñecer a importancia dos silencios e do subtexto
- Aprender as técnicas básicas da narración fractal
- Traballar a escoita nos contos e na nosa vida cotiá

Contidos

- Principios básicos da improvisación teatral
- Improvisación e creación grupal. Xogos e exercicios de creatividade para ampliar rexistro expresivo
- Linguaxe corporal escénica
- Os silencios. A escoita
- Memoria propia e colectiva como material de creación
- Búsqueda e elección das historias
- Dificultades dalgúns contos para ser oralizados, técnicas de traballo
- Como escribir o noso conto
- Técnicas para disparar a nosa imaxinación
- A estrutura do conto
- O discurso e a oralidade diante dun público
- Voz, escoita e son
- A tradición popular do conto galego
- A teatralidade en escena

Metodoloxía

O xeito de enfrontarnos a narración oral vai ser contando e escribindo.

Este é un obradoiro práctico onde imos aprender, pouco a pouco, cada un ao seu ritmo e segundo as súas necesidades persoais, a contar, adaptar ou escribir as nosas propias historias.

Sempre dun xeito lúdico onde todo o grupo vai participar na creación colectiva e todo o mundo vai achegar a súa propia visión ao obradoiro.

O profesorado

As aulas semanais (de 17:00 a 20:00) serán impartidas por: Cris de Caldas e Dani Blanco.

Haberá unha mostra do alumnado, no 2026, con público



Lugar

As clases serán no Auditorio Mar de Vigo - planta 5.^a ([entrada pola porta da UNED, Avda. de Beiramar, 57](#))

Para se inscribir é necesario enviar un correo electrónico a actividades.snl@vigo.org (indicará o seu nome completo e teléfono de contacto; no “Asunto” debe poñer: narración oral)

Cris de Caldas

Cris de Caldas, Cristina Vázquez Santos, é contadora de contos desde sempre segundo a súa familia e amizades, pero non sería ata o 2015 cando se faría “profesional do conto”. Traballo que compaxina co de bibliotecaria (desde o 2003), con experiencia no ámbito da biblioteca escolar e na municipal.

Acadara a Licenciatura en Filoloxía Hispánica para posteriormente, especializarse en literatura infantil, realizando diversos cursos de verán da USC, e cun máster sobre as bibliotecas e o entorno dixital da UDC.

Formouse en narración oral con profesionais como: Paula Carballeira, Raquel Queizás, Charo Pita, Cris Collazo, Ana Carreira, Magdalena Lagarga... e asistindo a algunha convocatoria da Escola de Verán de AEDA Narración Oral.

Ten repertorio para todos os públicos. Ás veces, conta soa e outras con quen aporta música en directo.

Gústalle destacar a súa participación en eventos como o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, e en festivais como: Festival Atlántica, Núbeyes, Falando a Boca Chea, NarraSarria, Contando Cuentos de Salamanca ou os Sete Falares de Pontevedra.

Achega a súa experiencia como bibliotecaria e contadora en diversos proxectos de animación á lectura e en obradoiros que a levan a participar, entre outros eventos, no Salón de Mediación Lectora (Pontevedra, 2018) e no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo no 2022.

É socia da asociación NOGA, de Narración Oral Galega, desde o seu xerme.

Dani Blanco 1981, natural de Cangas

No ano 1999 comeza a súa formación no mundo do circo e do clown.

Primeiro, de maneira autodidacta e logo formándose a medio camiño entre a Escola de circo de Santiago de Compostela e Bos Aires, con maestros como: Walter Velazquez, Marcelo Savignone ou Omar Argentino Galván, entre outros.

No ano 2003 funda a compañía de circo Assircópatas coa que actúa por máis de 15 países: Rumania, Colombia, Palestina, etc. con montaxes diferentes.

No 2010 funda a Cia de improvisación teatral Themomento impro coa que participa en festivais nacionais e internacionais como: o Festival de improvisación de Perú ou o Festival internacional de teatro de Santo Domingo.

Durante os anos 2014 e 2020 funda a súa propia escola en Santiago de Compostela, ademais de dar distintos seminarios por toda España.

No eido da narración oral é membro fundador de NOGA, participou en moitos festivais de narración oral de Galicia como o Festival Atlántica e outros festivais dentro de España. Ademais imparte obradoiros de narración oral e no ano 2022 escribiu o seu primeiro libro de contos para persoas adultas *Murmuraban as miñas veciñas*.

Máis información: www.sondaniblanco.gal